



ANEXO A PROGRAMACIÓN:

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA
CURSO: TODOS
MATERIA: ACORDEÓN
DEPARTAMENTO: TECLA
DATA: 8/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Mínimos esixibles.
2. Procedementos de avaliación e cualificación.
3. Criterios de cualificación.
4. Instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
6. Información e publicidade.

ÍNDICE

1. **Mínimos esixibles:** 1º,2º,3º,4º de Grao Elemental: 5 Estudos técnicos e 4 obras das programadas para cada curso da lista orientativa de repertorio indicado na programación vixente para cada curso(2 de Standard Bass e 2 de Baixos Convertor).

1º,2º,3º de Grao Profesional: 6 estudos técnicos e 4 obras das programadas para cada curso da lista orientativa de repertorio indicado na programación vixente para cada curso(2 de Standard Bass e 2 de Baixos Convertor).

4º,5º,6º de Grao Profesional: 5 Estudos técnicos(Hanon, Czerny op. 299, C. Jaccomucci) e 4 obras das programadas para cada curso da lista orientativa de repertorio indicado na programación vixente para cada curso(2 de Standard Bass e 2 de Baixos Convertor).

2. **Procedementos de avaliación e cualificación:** Empregaránse os que constan na programación para o 2º trimestre tanto para cada un dos catro cursos do grao elemental como para os seis cursos de grao profesional, aínda que non serán tidos en conta os criterios referidos á participación en audicións públicas. No que respecta ós alumnos de 6º de G.P., tampouco se lles esixe a interpretación dun recital público de Fin de Grao.

3. **Criterios de cualificación:** A cualificación final de curso non será, en ningún caso inferior á obtida polo alumno na segunda avaliación. O traballo realizado en con finamento, e supervisado polo profesor, por medio telemático, servirá para confirmar, ou mesmo subir a cualificación, cando sexa o caso, sempre que o titor considere que o aproveitamento e esforzo demostrados merecen conferir una cualificación máis alta. Para este caso, a cualificación poderá ser incrementada ata dous puntos como máximo.

4. Instrumentos de avaliación: Son os medios telemáticos polos que cada profesor mantén o contacto e fai o seguemento dos seus alumnos dende que se decretou o fin do ensino presencial: Whats app, Skype, Zoom, Cisco Webex, en tempo real ou ben con recepción de vídeos ou grabacións sonoras.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo e repaso):

Actiividades de recuperación: Todo aquél alumnado que non puido ser avaliado de maneira contínua, será convocado polo profesor á realización dunha proba, mediante a canle telemática utilizada durante o terceiro trimestre, a fin de acreditar que tén acadados os contidos mínimos para o segundo trimestre, en consonancia cós criterios de avaliación correspondentes á segunda avaliación, para o curso no que se atope. Ditas probas, que serán telemáticas, levaráanse a cabo entre os días 25 e 27 de Maio.

Reforzo e repaso: A labor do profesor ó longo deste terceiro trimestre será primordialmente titorial, facendo fincapé na mellora, consolidación, e perfeccionamento dos contidos traballados polo alumno ata o fin da segunda avaliación. Como titor, fomentará o desenvolvemento de hábitos como a constancia, así como o espírito de superación, que son virtudes fundamentais para o aprendizaxe e práctica das artes da interpretación musical, como é o caso para a especialidade de Acordeón.

Os contidos previstos para o terceiro trimestre de 2020, pasarán a estar na programación do vindeiro curso 2020/2021, mediante unha adaptación curricular oportuna no seu momento.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 3	CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA • CURSO: 2019/2020 MATERIA: ARPA
---	---------------	---